

Yesterday

PALABRAS NA RECEPCIÓN DUN DOS PREMIOS DO 15º ANIVERSARIO DE RADIO NORDÉS-CADENA SER (CEE 19-03-2015)

Unha vez máis atopeime moi ben en **Cee** o pasado 19 de marzo, pois servíume para lembrar que nesta vila empezara a dar clase no curso 1976-77, no daquela IFP Fernando Blanco de Lema. Fora este un filántropo ceense que fixera fortuna en Cuba no séc. XIX e que deixara en herdanza un legado para que se construíse un colexio na súa localidade natal. Fíxose por volta de 1890, e, grazas a a esta institución, puideron estudar moitos rapaces (e, aínda que menos, rapazas) da comarca de Fisterra, secularmente illada polas malas comunicacións que sempre houbo coa Coruña e con Santiago.



[\[http://4.bp.blogspot.com/-ogfHyQXB7ZA/VQ18zzSqlGI/AAAAAAAAAB9Y/Nk6FPoT1x08/s1600/DSC07560%2B-%2BGalardoados%2Bcos%2BPremios%2BRadio%2BNord%C3%A9s%2B2015.JPG\]](http://4.bp.blogspot.com/-ogfHyQXB7ZA/VQ18zzSqlGI/AAAAAAAAAB9Y/Nk6FPoT1x08/s1600/DSC07560%2B-%2BGalardoados%2Bcos%2BPremios%2BRadio%2BNord%C3%A9s%2B2015.JPG)

Os galardoados cos Premios Nordés 2015: Marcos Rodríguez; Amador Vidal; Pepe Formoso (dtor. da emisora); Pazos de Merexo; Xosé Mª Lema; Miguel de Lira; Alicia e Fernando Carrillo e Francis Lema (foto C.R.C.)

Como non podía ser menos, agradecín ó xurado a concesión do Premio de Divulgación do Patrimonio Cultural da Costa da Morte, e sentínme orgulloso de recibilo xunto con persoeiros de tanto prestixio coma os meus paisanos soneiráns **Amador Vidal** e **Francis Lema** (de Pasarela-Vimianzo), piloto e copiloto de *rallies* de terra que recentemente se proclamaron campións de España (Nordés de Deportes); cos mergulladores de Fisterra **Alicia** e **Fernando Carrillo** (Nordés de Emprendedores); co actor carnotán **Miguel Domingo García (Miguel de Lira)**, Premio Nordés das Artes; co fotógrafo **Marcos Rodríguez** (Nordés da Audiencia) e, sobre todo, co case nonaxenario acordeonista **Pazos de Merexo** (Premio Especial 2014). Sinto como propios os éxitos de todos eles, e mesmo presumo de que son "da miña tribo", a dos fisterráns *in extenso*, que o somos todos os que nacimos neste extremo occidental de Galicia que ten o cabo Fisterra como mascarón de proa. Entregóusenos como premio unha creación do artista estradense (asentado en Carnota), **Nacho Porto**, que representa un xogador de fútbolín (lémbrese que este xogo fora creado polo escritor fisterrán Alejandro Finisterre durante a Guerra Civil), e tamén unha caixa con conservas da fábrica Cerdeimar, de Camariñas.



[[http://2.bp.blogspot.com/-](http://2.bp.blogspot.com/-HsFAq4nziSw/VQ19rkpmgWI/AAAAAAAAAB9g/XfocSvEE1Ro/s1600/DSC07531.JPG)

[HsFAq4nziSw/VQ19rkpmgWI/AAAAAAAAAB9g/XfocSvEE1Ro/s1600/DSC07531.JPG](http://2.bp.blogspot.com/-HsFAq4nziSw/VQ19rkpmgWI/AAAAAAAAAB9g/XfocSvEE1Ro/s1600/DSC07531.JPG)]

O Premio de Divulgación que se me outorgou foi o meu desexo compartilo publicamente coa **xente da cultura** desas nosas comarcas do ámbito da hoxe chamada Costa da Morte, en especial cos meus compañeiros do **Seminario de Estudos Comarcais**, pois calquera deles e delas son merecentes desta distinción. Este Seminario naceu a finais do 2005 con 67 socios fundacionais precisamente para divulgar o patrimonio cultural e natural deste territorio, pois non dabamos entendido como tendo esta riqueza arqueolóxica, histórica, etnográfica ou paisaxística non a soubésemos aproveitar en todos os sentidos: para dala a coñecer e mesmo de cara a un turismo racional que proporcionase beneficios económicos. Non é de recibo que tendo todo o que temos aínda sigamos sendo a única zona costeira economicamente deprimida de Galicia.

Membros do Seminario -non só eu- publicamos, como xa adiantara o condutor da gala **Josiño Mira** na súa presentación, un bo número de libros e documentais para demostrar a propios e estraños as marabillas que temos e que deberíamos aproveitar incluso economicamente. En suma: que a cultura tamén dá cartos, e ben que o está ultimamente demostrando algún que outro Concello da zona.



[http://4.bp.blogspot.com/-x8M5P1Q8hBc/VQ1_MpjNQDI/AAAAAAAAAB9s/d-KoAomuOFg/s1600/DSC07538.JPG]
Miguel de Lira na recepción do seu premio (foto C.R.C.)

Os do Seminario de Estudos da Costa da Morte (SEMESCOM) fomos **pioneiros** na publicación de obras divulgativas sobre as **antas e mámoas** da Costa da Morte, sobre os **faros**, os **pazos**, os **hórreos**, os **cruceiros**, o conxunto etnográfico dos **batáns e muíños do Mosquetín** etc., etc. E propuxemos e describimos **rotas** por todos estes lugares, que en varias ocasións levamos a cabo. Unha das máis exitosas, a do **románico**. Dúas dos naufraxios contan con mapas e itinerarios na nosa obra colectiva *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte* (Edicións Xerais, 2010). Como noticia recente, no web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) acábase de publicar a **Ruta Costa do Solpor**, que segue os escenarios naturais nos que se desenvolve a novela do mesmo nome.
(<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext7894>)



[[http://3.bp.blogspot.com/-](http://3.bp.blogspot.com/-uiLRHFEO5Zg/VQ2H50iWLLI/AAAAAAAAAB98/yrrgUrQRjDA/s1600/DSC07563.JPG)

[uiLRHFEO5Zg/VQ2H50iWLLI/AAAAAAAAAB98/yrrgUrQRjDA/s1600/DSC07563.JPG](http://3.bp.blogspot.com/-uiLRHFEO5Zg/VQ2H50iWLLI/AAAAAAAAAB98/yrrgUrQRjDA/s1600/DSC07563.JPG)]

A orixinal creación de Nacho Porto

Tamén preparamos -contando, coma no caso das publicacións, coa inestimable axuda da Deputación da Coruña- unha **Exposición Itinerante das Antas e Mámoas** da Costa da Morte, e, así mesmo, convocamos exitosos **concursos de poesías** sobre os faros e os Penedos. Rematando o ano 2013 colocamos en Pasarela un gran **plano indicador** da área dos Penedos de Pasarela e Traba, placa deseñada polo noso chorado membro Roberto Mouzo; foi a súa derradeira grande obra.

Tendo todo isto que temos nas comarcas da Costa da Morte non damos entendido como a Xunta de Galicia non leva adiante o proxecto eternamente aprazado do Parque Arqueolóxico do Megalitismo (desde 1999 lévase prometendo), ou por que non se acondiciona a nosa "cidade encantada" (a área dos Penedos de Pasarela e Traba); esta área fora declarada polo Goberno galego Paisaxe Protexida en 2009, coa obriga de poñela en valor antes de 2011, pero hoxe en día segue no abandono, cos toxos e os eucaliptos ocultando as senlleiras figuras pétreas. Tamén hai unha incomprensible negativa a declarar o monte Pindo parque natural.

Temos que aproveitar moito máis **lugares senlleiros** coma os cabos Fisterra, Touriñán ou Vilán, ou a esquecida igrexa románica de Moraime, un dos mellores edificios da Costa da Morte.

Rematei felicitando a Radio Nordés por **emitir a cotío en galego**. Se non me engano, é a única emisora comercial de toda Galicia que así o fai. Non me canso de dicir que o noso idioma é a maior creación colectiva do noso pobo, algo que nos identifica no mundo. Outros pobos que o perderon téñennos envexa. Que se lles pregunte ós córnicos, que o perderon pola presión do inglés a finais do séc. XVIII e agora andan coma tolos para resucitalo mediante documentos antigos. Cando estivemos en 2011 en **Cornualles (Gran Bretaña)** 50 excursionistas do Seminario de Estudos, tivemos oportunidade de falar cun señor . Nigel Hicks, que resultou ser un dos máis de 300 córnicos (a poboación total é de 500.000 hab) que presumen de que están conseguindo falar o seu idioma propio máis ou menos fluidamente. Agora que aínda estamos a tempo non o deixemos perder. Sería unha vergonza para futuras xeracións.

Moitas grazas de novo.



[[http://2.bp.blogspot.com/-](http://2.bp.blogspot.com/-HUxg1W7y9uw/VQ2VgVP3Col/AAAAAAAAAB-M/5Ma6KQNTSmM/s1600/DSC07553%2B-%2Bcopia.JPG)

[HUxg1W7y9uw/VQ2VgVP3Col/AAAAAAAAAB-M/5Ma6KQNTSmM/s1600/DSC07553%2B-%2Bcopia.JPG](http://2.bp.blogspot.com/-HUxg1W7y9uw/VQ2VgVP3Col/AAAAAAAAAB-M/5Ma6KQNTSmM/s1600/DSC07553%2B-%2Bcopia.JPG)]

Co artista Nacho Porto

(Pola miña condición de **veciño do concello de Teo** -á gala tamén asistiu como convidado o famoso ciclista teense **Ezequiel Mosquera**- fixen unha breve referencia ó "exilio" forzado de Miguel de Lira e do seu grupo de teatro Chévere de Santiago a Teo, obrigado pola intolerancia dun dos últimos alcaldes de Santiago, do que o nome non merece nin lembrar, que se empeñou en clausurar a Sala Nasa na que facían as representacións. Seica eran terroristas. Agora el anda de visitar carcerario -e non precisamente coma Concepción Arenal- e Chévere foi galardoado co Premio Nacional de Teatro. O Concello de Teo acolleu ó grupo teatral para goce dos veciños deste municipio. Miguel de Lira expresouse na gala dos Premios Nordés en todo momento coas formas dialectais propias da chamada fala fisterrá norte -con gheada, seseo e as formas verbais propias-, e eu pensei para min que se algún día se leva a cabo outra das "profecías" de Xesús Ferro Ruibal na presentación de 2013 en Santiago -o soño de que se fará unha película baseada na novela *Costa do Solpor*-, Miguel de Lira sería sen dúbida un dos principais protagonistas: pola idade xa non podería ser o mozo pegureiro Chavián, pero o papel do Crego Sabio acaeríalle como anel ó dedo. A ver se algún día me atrevo a dicirlllo).